

**AURELIA BALSEIRO GARCÍA** DIRECTORA DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

► Catorce anos despois de acceder á dirección do Museo Provincial de Lugo —entidade que ainda xestiona—, Aurelia Balseiro presenta un libro sobre a historia dos primeiros 50 anos da institución, desde 1932 ata 1982, no que conta o longo proceso de xestación ata que viu a luz.

# «O futuro Centro da Romanización debería ter espazos para investigar»

TEXTO: SABELA CORBELLE  
FOTO: XESÚS PONTE

**UN BARGUEÑO FOI** a primeira peza catalogada no Museo Provincial de Lugo cando botou a andar o 1 de xullo de 1932 da man dun apoderado de Tabacalera, Luis López-Martí Núñez, tras ser aprobada a súa creación pola corporación republicana da Deputación. Así comezou a historia dun museo que comezou a xestarse oito décadas antes e que agora ve a luz da man de Aurelia Balseiro, que presentou onte o libro 'Museo Provincial de Lugo: orixe e consolidación (1932-1982)', nun acto que tivo lugar na Deputación, editora do traballo. De onde saíu esta idea de facer un libro sobre esos primeiros 50 anos do Museo Provincial?

Responde a unha liña de investigación miña, como licenciada en Historia, na que levo traballando cinco anos e sobre a que publiquei comunicacións e artigos. A historia do Museo comeza en 1932 pero retrotráese tamén a medios do século XIX, cando houbo as primeiras iniciativas para a súa creación respondendo así a unha necesidade de que a provincia tivese un museo público.

**Que persoas ou que sectores sociais estaban interesados na creación deste museo?**

A idea partía de distinta xente. Por un lado, foi destacable o labor do deputado Joaquín Arias Sanjurjo, en 1912, na defensa da creación



Aurelia García Balseiro, directora do Museo Provincial.

**Unhas pedras con inscricións funerarias romanas, da muralla, foron dos primeiros obxectos en seren catalogados»**

do Museo. Tamén había un sector da sociedade que puxaba por ter un museo para protexer os bens do patrimonio cultural lucense, representado pola Comisión Provincial de Monumentos Históri-

cos e Artísticos de Lugo. Pero foi un longo proceso de xestación, que comezou a mediados do século XIX.

**Que pasou para que este proceso fose tan longo?**

En 1846 foi a primeira iniciativa da Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos. Existía interese social pero, ao mesmo tempo, tamén había unha falta de recursos e de interese político.

**Cales foron as causas que propiciaron ese interese social?**

Unha das causas más importantes foi a das desamortizaciones dos bens eclesiásticos do século XIX, que puxeron de relevo a necesidade de crear un museo para ter un lugar onde reunir tanto patrimonio desamortizado e poñelo a seguro.

**Houbo moitas aportacións de particulares na fundación do que sería o Museo Provincial?**

Si, houbo moita xenerosidade dos lucenses coa achega de pezas de coleccións particulares e tamén con doazóns de diñeiro. Por exemplo, un dos fillos de Antón de Marcos, Antonio Fernández López, fixo unha importante aportación económica á institución.

**Nestes primeiros 50 anos, cales foron os momentos más importantes da historia do Museo?**

O Museo naceu en 1932 pero a apertura ao público, no pazo provincial de San Marcos, foi en 1934 baixo a dirección de Luis López-Martí Núñez, que estaría ata 1948, data na que entrou Manuel Vázquez Seijas. En 1957 pasou o Museo ao antigo convento franciscano, na Praza da Soildade, un inmoble desamortizado que antes fora Casa de Beneficencia. Outros fitos importantes foron a declaración do Museo como Monumento Histórico Artístico en 1962, a integración do edificio colindante (onde estaba o Goberno Militar) en 1963, a urbanización da praza do Museo en 1967 ou tamén o traslado da colección etnográfica á fortaleza de San Paio de Narla, en Friol, en 1981.

**Cales foron as primeiras coleccións ou obras rexistradas?**

O primeiro obxecto rexistrado, o 1 de xullo de 1932, foi un bargueño doado por Manuel Pardo Bécerra. Pero tamén unhas pedras con inscricións votivas funerarias romanas, atopadas na muralla e que foron cedidas ao Museo polo Concello. A segunda obra foi un cadro do depósito do Museo Nacional de Arte Moderno, 'Retrato de señora', de Rodríguez Calderón. Tamén o Museo Nacional del Prado depositou obras en Lugo. En 1934, xa había 472 rexistros. Agora, hai milleiros. Só unha colección que temos de moedas romanas xa suman 1.200!

**Falando de restos romanos, ve necesario un Museo da Romanización en Lugo?**

Por suposto, é unha débeda histórica e debería implantarse. Cantas máis institución culturais haxa, mellor para a cidade!

**Pensa que debería ir no antigo cuartel de San Fernando?**

O cuartel é un edificio que habería que protexer, rehabilitar e darlle uso e non vexo por que non se vai poder facer aí un Centro da Romanización pero que non servise só para exhibir patrimonio senón que tivese tamén outros espazos para a investigación, con obradoiros e laboratorios para arqueólogos, para que tivesen un sitio onde facer analíticas e estudos de distintos tipo relacionados cos achádegos romanos.

## El Colegio de Veterinarios congela cuota y tendrá un gasto de 420.000 euros

REDACCIÓN

LUGO. El Colegio de Veterinarios de Lugo aprobó en su asamblea anual la congelación de cuotas por tercer ejercicio consecutivo. La directiva, presidida por José Luis Benedito Castellote, logró además el consenso de los asociados en la aprobación de unos presupuestos para 2023 que ascienden a algo menos de 420.000 euros.

La cifra, que supone un incremento del 11,7% con respecto a este año, deriva principalmente al incremento de los costes de los suministros y la subida del IPC, pero no tendrá ninguna repercusión

en las aportaciones de los 1.100 integrantes del colectivo.

La cuentas siguen «una línea continua», señaló el presidente, que defiende que el objetivo ha sido reforzar «el valor que les aportamos desde el Colegio a nuestros miembros sin que a ellos no les cueste ni un euro adicional».

Las cuotas ordinarias trimestrales del colegio se mantendrán, así, en 31,55 euros, mientras que las del Consejo General se quedarán en 35,16 euros, y las del Consello Galego supondrán 0,90 euros, también al trimestre.

El acuerdo contempla la mejora



José Luis Benedito. EP

de las bonificaciones en los importes para los jubilados, que pasarán a pagar 19,50 euros al año en lugar de los 18,40 por trimestre que estaban estipulados hasta ahora. Además, los mayores de 70 años que han dejado de ejercer la profesión

de forma activa no tienen que satisfacer las cuotas anuales.

Tras las medidas preventivas seguidas los últimos años, el Colegio de Veterinarios también acordó recuperar la presencialidad en la mayoría de los actos de formación que se celebran en 2023. Benedito Castellote reivindicó, en ese sentido, la importancia de «poder compartir conocimientos en persona y seguir impulsando la formación con el fin de lograr la excelencia profesional del colectivo».

Benedito Castellote también destacó un acuerdo de colaboración con la Diputación, que financiará uno de los cursos que ofrece el Colegio en 2023.

La entidad, además, otorgó a Ana Veiga Otero, Paula Pérez Miengo, Ceibe Gil Fernández Coronado y Laura Luis Fernández, los premios de sus concursos de postales y fotografía.

## La presentación de candidaturas al premio Aresa está abierta hasta el 13 de enero

REDACCIÓN

LUGO. El plazo para presentar candidaturas al XXIII Premio Aresa finaliza el 13 de enero. Está abierto a todas aquellas empresas, grupos de investigación o entidades que quieran optar a la edición de 2022 del premio de desarrollo rural, convocado por la USC y el Grupo Aresa.

Las bases están disponibles en la web [www.aresa-agro.com](http://www.aresa-agro.com) y el galardón está dotado, como viene siendo habitual, con 10.000 euros.